


Día Internacional Contra las Violencias Machistas

Dia Internacional Contra la Violència Masclista

Indarkeria Matxistaren Kontrako Nazioarteko Eguna



Non Unha muller asasinada 

25N *¡Suficiente violencia!*
Para ti, para nós,
para TODAS



Día internacional Contra as Violencias Machistas

Confederación **X**eral do **T**raballo

@CGT www.cgtgalicia.org rojoynegro.info



Día Internacional Escontra les Violencias Machistes

Non unha muller asasinada máis

Basta de Violencias! Por ti, por nós, por **todas**

Desde CGT, un ano máis, volvemos alzar a voz contra calquera tipo de agresión por cuestión de xénero. **Desde o ano 2013, xa son máis de mil mulleres asasinadas no noso país** e millóns no mundo, pero aínda non o chaman polo seu nome: **TERRORISMO MACHISTA**.

Asasinatos que son permitidos por un **Estado machista e patriarcal**, que nos ve ás mulleres como obxectos a explotar en todos os ámbitos da vida. Un sistema patriarcal que deixa na rúa a asasinados, que despois de violar e asasinar as mulleres están en liberdade e exercendo a súa profesión.

Mujeres que sofren malos tratos, que tamén están a vivir os **malos tratos institucionais por parte da xustiza** e que ven como única saída o suicidio ao non aguantar máis a presión, as ameazas e o acoso. As súas mortes non computan como asasinatos para este Estado e sistema tan culpable como o propio acosador ao seguir permitindo que isto suceda impunemente.

Menores que tamén son vítimas dos feminicidios ou deixados en situación de desamparo e **que tampouco se computan como vítimas da violencia de xénero**.

Preséntannos cada día, como algo cotián, que vaian saíndo manadas de violadores e agresores pero sempre facendo alusión á vítima (non se defendeu; non levaba unha roupa adecuada; era tarde...). **Non queremos ter que defendernos, non queremos ter medo, queremos vivir libres e tranquilas**.

Desde CGT propoñemos unir forzas contra esta secuela que nos está matando. Facemos un chamamento á mobilización social, á organización e á loita todos os días, para plantar cara, con firmeza, a este **sistema neoliberal, capitalista, patriarcal e machista que considera ás mulleres pouco máis que un obxecto sexual á súa plena disposición**.

Ante calquera agresión: acción directa e autodefensa, sen medo, sen sentimento de culpa.

Querémonos vivas e combativas

Contra todo abuso de poder

Contra toda violencia por razón de xénero

VIVA A LOITA DAS MULLERES!

VIVA A LOITA ANARCOFEMINISTA!

**Confederación
Xeral do
Traballo**

**www.cgtgalicia.org
rojoynegro.info
@CGT**

